
2.4.1 Cálculo das achegas de nitróxeno:

» **Esterco sólido ou xurro (kg) achegados na parcela x Valor (N) por especie x 0,7**

Onde: 0,7 representa o aproveitamento do nitróxeno.

Debendo calcular o contido de nitróxeno do esterco (valor (N) por especie) empregando:

1. Analíticas: para a toma de mostras de xurro empregárase a "*Guía Básica de Toma de Mostras de Xurro*", elaborada polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) - Xunta de Galicia. Estas determinacións, ao non ter control oficial, serán consideradas como unha declaración responsable e a súa verificación e control oficial poderá realizarse en calquera momento.
2. Bases zootécnicas para o cálculo do balance alimentario de nitróxeno e fósforo, publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
3. Aplicación RAX de recomendación de abonado (Páxina web do CIAM).
4. As seguintes porcentaxes:

Especie:		N%
Bovino		0,28
Ovino/Cabrún		1,04
Equino		0,64
Cunícola		1,20
Visóns		2,30
Porcino	Cebo	0,35
	Ciclo pechado	0,39
	Nais con leitóns ata 6 kg	0,19
	Nais con leitóns ata 20 kg	0,17
	Leitóns de 6 a 20 Kg	0,41

5. Cadro 1.1 "Nitróxeno total excretado asociado á MTD 3" (kg N excretado/praza/ano) da Decisión de Execución (UE) 2017/302 da Comisión de 15 de febreiro de 2017 (MTD).

Para xustificar o valor inferior do rango establecido no cadro 1.1, deberase xustificar o cumprimento de todas as técnicas recollidas na MTD 3.

Este valor será válido única e exclusivamente para o cálculo da achegas de nitróxeno na elaboración do plan de xestión de esterco.

Non se poderán empregar distintas metodoloxías para o cálculo de nitróxeno e fósforo.

No caso de fertilizar con fases sólidas ou líquidas procedentes do tratamento das dexeccións animais, no plan de xestión deberanse incluír as análises de nitróxeno e fósforo dos fertilizantes obtidos, dada a súa variabilidade. De xeito xeral, analizarase **anualmente** o material fertilizante, aínda que unha vez que se establece o proceso poderanse realizar as análises **bianualmente**.

2.4.2. Cálculo das achegas de fósforo:

» Esterco sólido ou xurro (kg) achegados na parcela x Valor (P_2O_5) por especie

Debendo calcular o contido de fósforo (valor (P_2O_5) por especie) do esterco, empregando:

1. Analíticas: para a toma de mostras de xurro empregarase a "Guía Básica de Toma de Mostras de Xurro", elaborada polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) - Xunta de Galicia. Estas determinacións, ao non ter control oficial, serán consideradas como unha declaración responsable e a súa verificación e control oficial poderá realizarse en calquera momento.
2. Bases zootécnicas para o cálculo do balance alimentario de nitróxeno e fósforo, publicadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
3. Aplicación RAX de recomendación de abonado (Páxina Web do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo).
4. As seguintes porcentaxes:

Especie		P2O5%
Bovino		0,13
Ovino/Cabrún		0,36
Equino		0,28
Cunícola		1,40
Visóns		1,15
Porcino	Cebo	0,20
	Ciclo pechado	0,21
	Nais con leitóns ata 6 kg	0,07
	Nais con leitóns ata 20 kg	0,11
	Leitóns de 6 a 20 Kg	0,27

5. Cadro 1.2 "Fósforo total excretado asociado á MTD 4" (kg P_2O_5 excretado/praza/ano) da Decisión de Execución (UE) 2017/302 da Comisión de 15 de febreiro de 2017 (MTD).
6. Para xustificar o valor inferior do rango establecido no cadro 1.1, deberase xustificar o cumprimento de todas as técnicas recollidas na MTD 4.

Este valor será válido única e exclusivamente para o cálculo da achegas de fósforo na elaboración do plan de xestión de esterco.

Non se poderán empregar distintas metodoloxías para o cálculo de nitróxeno e fósforo.

No caso de fertilizar con fases sólidas ou líquidas procedentes do tratamento das dexeccións animais, no plan de xestión deberanse incluír as análises de nitróxeno e fósforo dos fertilizantes obtidos, dada a súa variabilidade. De xeito xeral analizarase anualmente o material fertilizante, aínda que unha vez que se establece o proceso poderanse realizar as análises bianualmente.

2.4.3. Producción de esterco

Para determinar as achegas totais de nitróxeno e fósforo que produce unha determinada especie, empregaranse os seguintes datos:

Especie	Tipo	Sistema manexo	Producción de esterco (máximo teórico) por praza e ano	Densidade Tn/m ³	UGM Animal
Bovinos	Vacún Leiteiro	Xurro	26,00 m ^{3****}	1,05	1,00
		Esterco	20,00 Tn	0,80	
	Vacún Carne Estabulado	Xurro	23,40 m ³	1,00	0,80
		Esterco	20,00 tn	0,80	
	Vacún Cebo 0<X<12	Xurro	4,00 m ³	1,00	0,40-0,70
		Esterco	3,65 Tn	0,80	
	Vacún Cebo 12<X<24	Esterco	10,95 Tn	0,80	0,70
Aves	Galiñas reprodutoras	Cinta sen presecado	0,055 Tn	0,60	0,005
		Cinta con presecado	0,020 Tn	0,50	0,005
		Foso	0,070 Tn	0,80	0,005
		Solo	0,02078 Tn	0,80	0,005
		Almacenamento Aberto	0,073 Tn	0,80	0,005
	Recría Galiñas		0,017 Tn	0,60	0,001
	Polos de cebo		0,0135 Tn	0,60	0,003
	Pavos		0,038 Tn	0,60	0,005
	Patos		0,019 Tn	0,80	0,003
	Perdices		0,057 Tn	0,80	0,0009
	paspallás		0,019 Tn	0,80	0,0004
	Avestruces adultos		0,730 Tn	0,80	0,33
	Avestruces cebo		0,400 Tn	0,80	0,33
Ovino/ caprino	Años e Cabritos		0,55 Tn	0,80	0,15
	Reprodutores		2,19 Tn	0,80	0,15
Equino			18,25 tn	0,80	1,00
Cunícola	Femias con camada		0,10 Tn	0,75	0,01
	Femias en descanso/re-posición		0,06 Tn	0,75	0,01
	Gazapos		0,03 Tn	0,75	

Especie	Tipo	Sistema manexo	Producción de esterco (máximo teórico) por praza e ano	Densidade Tn/m ³	UGM Animal
Porcino	Porcas	Ciclo pechado*	17,75 m ³	1,00	0,96
		Porca con Leitóns ata destete 0<x<6 kg	5,10 m ³	1,00	0,25
		Porca con leitóns ata 20 kg	6,12 m ³	1,00	0,30
		Reposicións	2,50 m ³	1,00	0,14
	Leitóns de 6 a 20 kg		0,41 m ³	1,00	0,02
	Porco de 20 a 50 kg		1,80 m ³	1,00	0,10
	Porco de 50 a 120 kg		2,50 m ³	1,00	0,14
	Porcos de cebo de 20 a 120 kg		2,15 m ³	1,00	0,12
	Porco de cebo de 6 a 120 kg (**)		1,67 m ³	1,00	0,09
	Porco de cebo de máis de 120 kg.		3,06 m ³	1,00	0,15
	Porco de cebo de 20 a máis de 120 kg.		2,30 m ³	1,00	0,14
	Verróns		6,12 m ³	1,00	0,30
	Visóns		0,104 Tn	0,80	

* Inclúe a nai e a súa descendencia ata a finalización do cebo

** Cebo de destete a acabado («wean to finish»)

*** Os 26 m³ inclúen as augas de limpeza da leitería e do equipo de muxido

PORCINO

Nas explotacións de porcino, en base ao manexo realizado, poderanse ter en conta as seguintes porcentaxes de redución de produción de volume de xurro.

- a) Por limpeza das instalacións animais con sistemas de auga a presión; 5,5%.
- a) Por emprego de bebedeiros tipo cazoleta; 9,5% (*no 100% das naves de produción*).
- b) Por emprego de caudalímetro e rexistro de consumo de auga; 8%.

Segundo os cálculos teóricos realizados polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) ("*Estimación teórica da produción anual de xurro por praza de cebo de porcino en Galicia*"), aquelas ganderías para a etapa de cebo que optimicen os índices de conversión e minimicen a relación consumo de auga/consumo de penso, a través de por exemplo reducións nos consumos de proteína bruta, alimentación multifase, redución das perdas de auga nos bebedeiros e dos consumos de auga durante as labores de limpeza, poderán acadar valores de produción próximos aos **1,1 m³/praza/ano**.

As ganderías que declaren unha produción de 1,1 m³/praza/ano de xurro deberán xustificar anualmente que o seu consumo de auga (bebida+desperdicio+limpeza)/praza/ano, é inferior a 1.600 litros por praza e ano.

Para xustificalo, deberán presentar anualmente, xunto coa folla de fertilización:

- » Imaxe da lectura do caudalímetro/contador de auga, nos primeiros quince (15) días do mes de xaneiro de cada ano.

- » Imaxe da lectura do caudalímetro/contador de auga, á data de presentación do plan de xestión do esterco (no mes de decembro).

AVIAR

En base á variabilidade nos datos de produción de esterco, en avicultura poderase aplicar unha redución na produción de esterco sólido de ata o 60%, do recollido no cadro 3.

A redución deberá vir acreditada mediante un rexistro de saídas de esterco sólido da explotación aos diferentes destinos (o titular deberá propoñer un sistema de control ao respecto, tal como xustificantes do volume de cama adquirido, consumo de auga, etcétera, a fin de verificar que as saídas de esterco presentadas son da totalidade do esterco producido).

VACÚN

Os datos de produción de dexeccións refírense exclusivamente ás razas de referencia, friso-na-holstein (leite) e rubia galega (carne) e os seus cruces.

Para as outras razas presentes na comunidade autónoma (morenas do noroeste) ou foráneas, o volume de esterco producido estimarase mediante a relación entre o seu peso adulto oficial e o peso adulto das razas de referencia.

O peso adulto oficial das distintas razas de vacún poderase obter do "Sistema nacional de información de razas gandeiras (ARCA)", dependente do ministerio con competencias en materia de agricultura.

Os valores de equivalencia en UGM que se terán en conta no ámbito da ordenación das granxas bovinas serán os recollidos no Anexo V do Real decreto 1048/2022, do 27 de decembro.

2.4.4. Mesturas de distintas emendas orgánicas

No caso de que se mesturen xurros ou esterco procedentes de distintas especies (tras a autorización expresa por parte do Servizo de Sanidade Animal da Consellería do Medio Rural), presentaranse analíticas para estimar os contidos en nitróxeno e fósforo.

Cómpre reiterar que para o cálculo da cantidade máxima de xurro/esterco que se pode achegar ao solo deberánse ter en conta a totalidade das achegas de nitróxeno e fósforo que se aplican ao cultivo: xurros, esterco, lodos, abonos comerciais, etcétera. Asemade, nos cultivos de regadío haberá que indicar os aportes fertilizantes da rega, se os houbera.

2.5. VERIFICACIÓN DO PLAN

Unha vez realizado o cálculo das necesidades do cultivo e das achegas fertilizantes, verificarase se as achegas totais de nitróxeno (N) e fósforo (P_2O_5) non superan os requirimentos dos cultivos.

Exemplo:

Neste caso, na cela subliñada, para o millo temos unhas necesidades de 25 kg de nitróxeno e 10 kg de fósforo e unhas achegas totais de 15,07 kg de nitróxeno e 10 kg de fósforo.

Cultivos	Achegas Xurro Vacún			Achegas Totais				1ª Aplicación	
	NECS N (KG)	NECS P (KG)	toneladas	kg N	kg P	kg N	kg P	Exc/Def N	Exc/Def P
Millo	317,50	127,00	97,00	190,12	126,10	190,12	126,10	127,38	0,90
Millo	25,00	10,00	7,69	15,0724	9,997	15,07	10,00	9,93	0,00
Millo	512,5	205	157,6	308,896	204,88	308,90	204,88	203,60	0,12
Millo	927,5	371	285	558,6	370,5	558,60	370,50	368,90	0,50

Polo tanto, no presente caso existe un déficit de nitróxeno (cadro en verde) e complétanse as necesidades de fósforo (cadro en verde).

2.6. DATAS DE APLICACIÓN

Nas celas correspondentes indicaranse as datas de aplicación dos fertilizantes.

Exemplo:

M	N	O	Y	Z	AA	AN	AO	AP	AQ	AR	AS
Cultivos			Achegas Xurro Vacún			Achegas Totais				1ª Aplicación	
CULTIVOS	NECS N (KG)	NECS P (KG)	toneladas	kg N	kg P	kg N	kg P	Exc/Def N	Exc/Def P	Dose N (kg)	data
Millo	317,50	127,00	97,00	190,12	126,10	190,12	126,10	127,38	0,90	97,00	01/05/25
Millo	25,00	10,00	7,69	15,0724	9,997	15,07	10,00	9,93	0,00	7,69	01/05/25
Millo	512,5	205	157,6	308,896	204,88	308,90	204,88	203,60	0,12	157,60	01/05/25
Millo	927,5	371	285	558,6	370,5	558,60	370,50	368,90	0,50	285,00	01/05/25
Millo	355	142	109	213,64	141,7	213,64	141,70	141,36	0,30	109,00	01/05/25
Millo	217,5	87	66	129,36	85,8	129,36	85,80	88,14	1,20	66,00	01/05/25
Millo	352,5	141	108	211,68	140,4	211,68	140,40	140,62	0,60	108,00	01/05/25
Millo	222,5	89	68	133,28	88,4	133,28	88,40	89,22	0,60	68,00	01/05/25
Millo	262,5	105	80	156,8	104	156,80	104,00	105,70	1,00	80,00	01/05/25
Millo	37,5	15	11	21,56	14,3	21,56	14,30	15,94	0,70	11,00	01/05/25

Verificarase que as datas de aplicación se correspondan coas necesidades agronómicas dos cultivos. O promotor deberá ter en conta que as aplicacións que non teñan como obxecto a fertilización dun cultivo serán consideradas verteduras ao medio, asemade as estimacións sobre as datas de fertilización recollerán a realidade das zonas onde se van aplicar, dada a gran variabilidade agroclimática de Galicia.

3. USO DO XURRO/ESTERCO SÓLIDO

No uso do xurro/esterco sólido terase en conta o seguinte:

3.1. USO SOBRE CULTIVOS

As aplicacións de esterco realizaranse segundo o indicado na seguinte lexislación e as súas modificacións posteriores:

- Artigo 9.4 a) do Real decreto 306/2020, de 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.
- Artigo 11.6 a) do Real decreto 637/2021, de 27 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación das granxas avícolas.
- Real decreto 1053/2022, de 27 de decembro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas bovinas.
- Real decreto 1051/2022, de 27 de decembro, polo que se establecen normas para a nutrición sostible nos solos agrarios.
- Directiva 91/676/CEE do Consello, de 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura.
- Real decreto 47/2022, de 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.
- Código galego de boas prácticas agrarias.

3.2. USO SOBRE SUPERFICIES FORESTAIS

- » Non se aplicará xurro en zonas con pendentes maiores do 20%.
- » Non se aplicarán xurros sobre *litosolos* (solo pedregoso que se atopa sobre rocha nai dura e pouco evolucionada).
- » Os xurros/estercos deberán incorporarse ao terreo ao mesmo tempo que se aplican, para elo empregaranse sistemas de aplicación/inxección directa no terreo.
- » O plan incluírá un compromiso de limpeza anual do mato. Se a limpeza do mato se realiza *a dente*, indicárase expresamente a carga gandeira e a especie/s que a realiza.
- » Para a aplicación de xurros/estercos nos montes veciñais en man común (MVMC) requírase consentimento ao respecto da Asamblea Xeral (Artigos 5 e 18.1 da Lei 18/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común de Galicia).

3.3. ALMACENAMENTO

De xeito xeral, non se permitirá unha capacidade inferior a seis (6) meses de almacenamento exterior, calculada sempre en base á capacidade máxima da explotación (e non ao grao de emprego da capacidade máxima/grao de ocupación).

Non se contabilizarán as fosas e canles interiores como almacenamento (*NEA-MTD emisións de amoníaco á atmosfera de cada nave*).

As explotacións gandeiras existentes, sometidas a autorización/avaliación ambiental, que na actualidade non dispoñan desta capacidade exterior mínima de seis meses (6) meses, disporán de doce (12) meses, desde a data de publicación da presente instrución técnica, para presentar unha proposta de aumento desta capacidade de almacenamento. No caso de que non dispoñan de espazo físico dentro do peche perimetral da explotación, poderán propoñer un sistema de almacenamento exterior que deberá ser autorizado polo Servizo de Sanidade Animal da Consellería do Medio Rural.

Así mesmo, no caso de ampliación das explotacións existentes (en funcionamento) e durante os doce (12) meses posteriores á publicación desta instrución, permitirase contabilizar de xeito excepcional as fosas interiores das naves existentes.

Xurro

Sistemas de almacenamento, existentes e previstos, exteriores, estancos e cubertos e cunha capacidade mínima para almacenar 6 meses de produción. Esta capacidade mínima non poderá ser diminuída en función do manexo do gando (p/exemplo pastoreo no verán, explotacións "*mixtas*" ou "*semiintensivas*").

De xeito excepcional, e previa análise da proposta realizada polo promotor, nas explotacións, que empreguen sistemas de manexo das dexeccións distintos ao de referencia (*acumulación das dexeccións e/ou augas de lavado en fosas/balsas, maduración nas fosas/balsas do produto, aplicación como fertilización en cultivos agrícolas ou forestais*) a capacidade total de almacenamento poderá ser menor. Estes sistemas comprenderán, basicamente, a separación de fases con maduración dos produtos obtidos, a biodigestión e a combinación destas técnicas ou outras similares. Nestes casos, a capacidade total de almacenamento nunca será menor de catro (4) meses, con cálculos debidamente xustificádos.

As explotacións porcinas existentes, que a data de publicación da presente instrución técnica, non teñan sido sometidas aos procedementos de incidencia ambiental (Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia), avaliación de impacto ambiental (Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental), e/ou autorización ambiental integrada (Real decreto legislativo 1/2016, de 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación), que contén cunha autorización administra-

tiva previa, e que non superen a capacidade de 120 UGM (segundo o Real decreto 306/2020, de 11 de febreiro), a efectos do cálculo da capacidade de almacenamento de xurro, computaráselles o almacenamento interior, sempre e cando o almacenamento exterior sexa igual ou superior a tres (3) meses e o almacenamento total sexa igual ou superior a seis (6) meses.

As balsas realizadas con láminas flexibles contarán con válvulas de carga e descarga permanentes, podendo ser independentes ou non, para as dúas operacións, as cales se localizarán fora do peche perimetral da fosa de xurro (en explotacións de nova implantación), a unha distancia mínima de 0,5 m/m de profundidade, de xeito que a maquinaria agrícola non poida comprometer nin a impermeabilidade nin a estabilidade das paredes da balsa.

As bolsas flexibles impermeables colocaranse sobre o propio terreo, nunha superficie lisa, firme e sen pendentes.

Contarase cun acceso adecuado aos sistemas de almacenamento e a carga do xurro/esterco, debendo facerse de xeito eficaz e sen derramos.

As fosas de xurro de nova implantación deberán contar cun sistema de detección de fugas mediante unha drenaxe en espiña de peixe, distribuída baixo a fosa conectada a unha arqueta de rexistro.

Lixiviados e augas de limpeza (vacún)

Os efluentes do ensilado conduciranse preferentemente ás fosas de xurro, sempre e cando se trate de silos trinchreira, gabia ou plataforma. A base destes será impermeable e contarán cunha fosa de recollida de efluentes cunha capacidade de $0,01 \text{ m}^3/\text{m}^3$ de volume útil do silo.

As augas de limpeza do equipo de muxido irán canalizadas, de ser posible, cara á rede de recollida de augas residuais, ou no seu defecto, cara unha fosa específica ou fosa de xurro. As augas de limpeza da sala poderán canalizarse á fosa do xurro. No caso de non conducir as anteriores augas de limpeza á fosa de xurro, poderase diminuír un 10% da capacidade total de almacenamento da fosa.

A leitería terá un desaugadoiro canalizado cara unha fosa específica, rede de sumidoiros, fosa xeral ou fosa de xurro, non admitíndose que se realice o vertido nos arredores da leitería, camiños, cunetas, regatos, etcétera. Neste desaugadoiro recolleranse as augas dos sumidoiros do solo e das distintas pías instaladas.

No caso de conducilas a unha fosa específica e cuberta, esta deberá ter unha capacidade mínima de $2 \text{ m}^3/\text{UGM}$, en dous compartimentos, para a súa decantación.

Esterco sólido

Esterqueiras exteriores estancas e cubertas, con capacidade mínima para almacenar os estercos e fases sólidas producidos en 6 meses.

Todas as esterqueiras exteriores (existentes e proxectadas) deberán estar cubertas e contar cun sistema de recollida de lixiviados cunha capacidade mínima de $0,05 \text{ m}^3/\text{m}^2$ de superficie, excepto as de esterco de polos de cebo, pavos, recría de galiñas no chan/aviarios e galiñas en chan/aviarios, para as que se deberá presentar unha estimación do volume de lixiviados de cara a súa avaliación por parte da Administración.

Nas explotacións nas que coexistan distintos tipos produtivos (por exemplo, recría de xatas en cama quente e vacas en produción con sistemas en base a xurro) e, polo tanto, se xeren distintos tipos de dexeccións (xurros e estercos), contarase coas capacidades e tipos de almacenamentos axeitados ao número de animais en cada fase.

Nota: os volumes de almacenamento mínimos incrementaranse en función das datas de aplicación nos cultivos ou das datas de saída do xurro/esterco sólido da explotación, de xeito que se garanta unha adecuada xestión agropecuaria dos mesmos.

Todos os proxectos gandeiros deberán contar cunha táboa xustificativa de entradas e saídas dos xurros, estercos, fases líquidas, fases sólidas, etcétera, na que se xustifique que a capacidade de almacenamento proposta é suficiente para o axeitado manexo da explotación.

Exemplo:

a seguinte táboa indica o cálculo do volume preciso para unha explotación de cebo de porcos:

MES	Entradas na Balsa	Saídas da Balsa	Remanente na balsa
	m ³ /mes	m ³ /mes	m ³
Xaneiro	372,00	0,00	2.604,00
Febreiro	372,00	0,00	2.976,00
Marzo	372,00	900,00	2.448,00
Abril	372,00	1.060,00	1.760,00
Maio	372,00	786,00	1.346,00
Xuño	372,00	1.718,00	0,00
Xullo	372,00	0,00	372,00
Agosto	372,00	0,00	744,00
Setembro	372,00	0,00	1.116,00
Outubro	372,00	0,00	1.488,00
Novembro	372,00	0,00	1.860,00
Decembro	372,00	0,00	2.232,00

Da táboa proposta extraíse as seguintes conclusións:

1. O cálculo do remanente na balsa realízase do seguinte xeito: *Remanente na balsa para un mes dado = Remanente na balsa do mes anterior + entrada na balsa para o mes dado – saídas da balsa para o mes obxecto do cálculo.*
2. O volume da/s balsa/s desta explotación debe ser de 2.976m³, e non os 2.232 m³ que resultan de sumar as entradas na balsa para un período de 6 meses.

3.4. RETIRADA POR PARTE DUN XESTOR EXTERNO AUTORIZADO

Deberase presentar a seguinte documentación:

a. Xestor autorizado para o código LER 020106 e autorizado por normativa SANDACH.

Contrato de tratamento de residuos asinado polas partes (RD 180/2015, do 13 de marzo/ RD 1528/2012, do 8 de novembro) que conterá polo menos os seguintes aspectos:

- » Cántidade estimada de residuos/ SANDACH que se vai a trasladar.
- » Identificación dos residuos mediante a súa codificación LER e documento comercial SANDACH.
- » Periodicidade estimada dos traslados.
- » Tratamento ao que se van a someter os residuos/SANDACH de conformidade cos anexos II e III da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e do RD 1528/2021 do 8 de novembro.
- » Obrigas das partes en relación coa posibilidade do rexeitamento dos residuos/SANDACH polo destinatario.

b. Plantas intermedias de categoría 2, autorizadas pola Consellería do Medio Rural:

Contrato asinado polas partes que conteña, como mínimo, a capacidade máxima e a capacidade remanente de xestión da planta intermedia e a cantidade total de esterco enviada pola explotación gandeira anualmente á planta.

As explotacións gandeiras deberán contar coa capacidade de almacenamento sinalada no apartado 3.3 desta instrución técnica, segundo corresponda, independentemente de que envíen o esterco a un xestor autorizado ou a unha planta intermedia, agás as explotacións gandeiras que teñan instalada unha planta de compostaxe, sempre que realice un tratamento en continuo sen almacenamento previo á compostaxe.

3.5. PROTECCIÓN DE CONCESIÓN DE AUGA SUBTERRÁNEA

Nos vinte primeiros metros dunha captación subterránea, con carácter xeral, prohíbense o almacenamento de xurros, esterqueiras, áreas de compostaxe e silos.

Con respecto á aplicación de fertilizantes orgánicos, na falta doutra proposta xustificada cun estudo técnico axeitado respectaranse, como mínimo, as seguintes distancias de protección na contorna próxima de captacións de auga preexistentes, que deberán quedar libres de aplicación:

Aplicación de xurros	Distancia mínima a captacións de auga	
	Abastecemento humano (m)	Outros abastecementos (m)
	35	10

En zona de servidume de augas non se poderán instalar sistemas de almacenamento de xurros ou de silos, nin se poderá proceder á aplicación de fertilizantes orgánicos.

4. ADOPCIÓN DE MELLORES TÉCNICAS DISPOÑIBLES

Todos os proxectos gandeiros sometidos a algún tipo de tramitación ambiental deberá contemplar a adopción de técnicas de redución de emisións e a correspondente adopción de Mellores Técnicas dispoñibles (MTDs), tal e como se establece na normativa correspondente dos sectores gandeiros.

5. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Ademais da folla na que se calculan as achegas de fertilizantes (*a cal deberá presentarse en formato dixital editable Excel ou Open Office*), presentarse a seguinte documentación en formato dixital.

5.1. TRAMITACIÓN DE PROXECTOS/MODIFICACIÓN DOS PLANS DE FERTILIZACIÓN

- Xustificación da capacidade das fosas/balsas/esterqueiras segundo o punto 3.3.
- No caso de que se presenten parcelas incluídas nas solicitudes unificadas das axudas PAC, acompañase a documentación das ditas solicitudes, onde se reflicten os datos das parcelas agrícolas e a carga gandeira asociada a elas (no caso de que se presenten parcelas cedidas por outros titulares).
- Declaración xurada de que se posúe autorización para o emprego das parcelas incluídas no plan.

- d) Compromisos de limpeza do mato (no caso de que se presente superficie forestal ou arbustiva).
- e) Descrición dos sistemas de aplicación dos xurros/esterco sólido.

5.2. SEGUIMENTOS (Plans anuais de fertilización)

- a) Declaración xurada de que se posúe autorización para o emprego das parcelas incluídas no plan.
- b) Compromisos de limpeza do mato (no caso de que se presente superficie forestal ou arbustiva).
- c) Descrición dos sistemas de aplicación dos xurros/esterco sólido.

6. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DE TRAMITACIÓN

Deberase enviar a seguinte información:

- » Dentro do documento de tramitación incluírase todo o plan de xestión de dexeccións gandeiras e fertilización (a folla de cálculo das achegas de fertilizantes axustada á produción de esterco no máximo de prazas da instalación gandeira e na que se amose a formulación empregada para a obtención dos valores empregados) en formato dixital editable *Excel* ou *Open Office*, e a documentación complementaria referida no apartado 5.1 desta Instrución Técnica.
- » Presentarase, ademais da folla de cálculo editable (*Excel* ou *Open Office*), un documento único (*.pdf) comprimido, coa folla de cálculo e coa mesma documentación complementaria referida no apartado 5.1 desta instrución técnica.

7. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DE SEGUIMENTO

Deberase enviar a seguinte información:

- » Dentro do documento de seguimento (plan anual de fertilización) incluírase a folla de cálculo das achegas de fertilizantes axustada á produción de esterco nas prazas ocupadas da instalación gandeira (na que se amose a formulación empregada para a obtención dos valores empregados) en formato dixital editable *Excel* ou *open Office*, a cal se deberá enviar no **mes de decembro de cada ano**, xunto coa documentación complementaria referida no apartado 5.2, desta instrución técnica.
- » Presentarase, ademais da folla de cálculo editable (*Excel* ou *Open Office*), un documento único (*.pdf) comprimido coa folla de cálculo e coa mesma documentación complementaria referida no apartado 5.2 desta instrución técnica.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE MEDIO AMBIENTE
E CAMBIO CLIMÁTICO